

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18543 *REAL DECRETO 1793/2008, do 3 de novembro, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo. («BOE» 278, do 18-11-2008.)*

I

Este real decreto ten por obxecto principal o desenvolvemento regulamentario da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, en materia de operacións vinculadas, mediante a modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, co obxecto de adaptalo ao novo réxime destas operacións contido no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 marzo.

As modificacións do Regulamento do imposto sobre sociedades, ademais da finalidade sinalada no parágrafo anterior, teñen por obxecto adaptalo ás recentes novidades introducidas no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades levadas a cabo por diversos textos legais: a Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea; a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio; a Lei 25/2006, do 17 de xullo, que modifica o réxime fiscal das reorganizacións empresariais e do sistema portuario e aproba medidas tributarias para o financiamento sanitario e para o sector do transporte por estrada; a Lei 4/2006, do 29 de marzo, de adaptación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe ás novas directrices comunitarias sobre axudas do Estado ao transporte marítimo e de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias e a Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

Este real decreto estrutúrase nun artigo, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

II

A modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades abórdase no artigo único deste real decreto. En desenvolvemento do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, dáse nova redacción aos capítulos V e VI do título I do Regulamento do imposto sobre sociedades.

O capítulo V regula certos aspectos relativos á determinación do valor normal de mercado, aspectos procedementais, así como as obrigas de documentación das operacións vinculadas e con persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais, capítulo que se divide en seis seccións.

Na primeira delas sinálanse as pautas necesarias para realizar a análise de comparabilidade para os efectos de establecer o valor normal de mercado que acordarían persoas ou entidades independentes en condicións de libre competencia, por canto esta análise constitúe un elemento determinante do método de valoración que se empregue e, polo tanto, da valoración resultante.

A segunda sección regula os requisitos de deducibilidade dos acordos de repartición de custos subscritos entre persoas ou entidades vinculadas.

A sección terceira está dedicada á documentación que o obrigado tributario deberá achegar por requirimento da Administración tributaria para a determinación do valor normal de mercado das operacións vinculadas, desenvolvendo así o disposto no artigo 16.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Distínguense dous tipos de obrigas de documentación: a correspondente ao grupo a que pertence o obrigado tributario e a relativa ao propio obrigado tributario. Estas obrigas están inspiradas tanto no Código de conduta sobre a documentación relacionada cos prezos de transferencia exixida ás empresas asociadas na Unión Europea, que foi froito das actividades do Foro Conxunto da Unión Europea sobre prezos de transferencia no ámbito da fiscalidade das empresas asociadas na Unión Europea, coma na exposición de motivos da propia Lei 36/2006.

Ao se tratar dunha documentación harmonizada e parcialmente centralizada, para os contribuíntes constitúe unha garantía de simplificación das súas obrigas formais en relación coas súas actividades transfronteirizas. Na medida en que outros Estados membros adopten disposicións análogas, evitarase a exixencia de distintas obrigas documentais por cada unha das administracións implicadas.

Na configuración destas novas obrigas ponderouse a necesidade de garantir a actividade de comprobación das operacións vinculadas por parte da Administración tributaria e o principio de minoración do custo de cumprimento para os obrigados tributarios.

Así, a exixencia das obrigas de documentación modúlase en función de dous criterios: as características dos grupos empresariais e o risco de prexuízo económico para a facenda pública, de tal forma que para as empresas de reducida dimensión e para as persoas físicas se simplifican ao máximo estas obrigas salvo que se refiran a operacións de especial risco, caso en que se exige a documentación correspondente á natureza das operacións de que se trate. Finalmente, non se exige documentación ningunha en relación con operacións en que o risco fiscal é reducido.

A sección cuarta regula os aspectos procedementais relativos á comprobación do valor normal de mercado das operacións vinculadas, de acordo coas regras establecidas no artigo 16.9 da Lei do imposto.

A sección quinta regula o denominado axuste secundario, é dicir, aborda a cualificación da renda que se pon de manifesto cando existe unha diferenza entre o valor convidado e o valor de mercado.

Na sección sexta régulanse as obrigas de documentación exixibles a quen realice operacións con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais.

Así mesmo, modifícase o artigo 62 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aclarando que a base da reten-

ción ou ingreso á conta cando a obriga de reter ou ingresar á conta teña a súa orixe no axuste secundario será a diferenza entre o valor de mercado e o valor convido.

O capítulo VI regula o procedemento dos acordos de valoración previa de operacións entre persoas ou entidades vinculadas así como o procedemento para o acordo sobre operacións vinculadas con outras administracións tributarias, de acordo co mandato contido no número 7 do artigo 16 da Lei do imposto.

III

As restantes modificacións do Regulamento do imposto sobre sociedades recollidas no artigo único son as que se citan a continuación:

En primeiro lugar modifícanse os artigos 1, 2 e 5 en materia de amortizacións, co obxecto da súa adaptación ao novo marco contable establecido no Plan xeral de contabilidade, aprobado polo Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, e dásele nova redacción ao capítulo III do título I como consecuencia das modificacións da Lei do imposto sobre sociedades introducidas pola Lei 16/2007, do 4 de xullo, de reforma e adaptación da lexislación mercantil en materia contable, para a súa harmonización internacional con base na normativa da Unión Europea.

En concreto, a nova redacción deste capítulo responde ás adaptacións da Lei do imposto en materia de provisións contables, así como no tratamento do réxime especial das comunidades titulares de montes veciñais en man común. Así, por unha parte, suprímese a regulación dos plans de reparacións extraordinarias e dos gastos de abandono de explotacións económicas de carácter temporal que se regulaban no artigo 13.2.d) da Lei do imposto antes da citada modificación, dado que se asume o criterio contable de imputación de tales gastos. Non obstante, desenvólvense os plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais co obxecto da súa dedución na base imponible do imposto sobre sociedades.

Canto ao réxime especial das comunidades titulares de montes veciñais en man común, desenvólvense os plans especiais de investimentos e gastos destas comunidades para o caso en que non se poida aplicar o beneficio obtido dentro do prazo xeral de catro anos, en consonancia coa nova regulación dada ao artigo 123 da Lei do imposto.

No título II do Regulamento do imposto sobre sociedades modifícase o artigo 39, que, en relación coa dedución por reinvestimento de beneficios extraordinarios, regula os plans especiais de reinvestimento para adaptalo ás modificacións que a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduciu no artigo 42 da Lei do imposto, en particular para o caso en que a entrada en funcionamento dos elementos obxecto de reinvestimento non se poida realizar dentro do prazo dos tres anos que, con carácter xeral, establece o dito artigo 42.

Modifícase o capítulo II do título III do Regulamento do imposto sobre sociedades, dedicado ao réxime especial de fusións, escisións, achegas de activos, troco de valores e cambio de domicilio dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea. As modificacións introducidas responden á necesidade de adaptar o texto regulamentario ás modificacións que na regulación do dito réxime especial pola Lei do imposto introduciu a Lei 25/2006, do 17 de xullo, que modifica o réxime fiscal das reorganizacións empresariais e do sistema portuario e aproba medidas tributarias para o financiamento sanitario e para o sector do transporte por estrada, para cumprir coas previsións da Directiva 2005/19/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005, que modifica a Directiva 90/434/CEE, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros. En particular, incorpórase a regulación das obrigas de comunicación das novas operacións amparadas no réxime fiscal

especial de cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.

Así mesmo, modifícase o título IV do Regulamento do imposto sobre sociedades co obxecto de desenvolver o réxime especial dos partidos políticos establecido pola Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, no que se refire tanto ao procedemento de recoñecemento da exención polas explotacións económicas propias que realicen, como de acreditación para os efectos da exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta respecto das rendas exentas percibidas polos partidos políticos.

Por último, modifícase o título VI do Regulamento do imposto sobre sociedades, dedicado á aplicación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe, co obxecto de adaptalo ás modificacións do dito réxime introducidas na Lei do imposto pola Lei 4/2006, do 29 de marzo, de adaptación do réxime das entidades navieiras en función da tonelaxe ás novas directrices comunitarias sobre axudas do Estado ao transporte marítimo e de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias. En particular, regúlase a aplicación deste réxime fiscal especial para as entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2008,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo:

Un. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 1, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 1. Amortización de elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios: normas comúns.

1. Considerarase que a depreciación dos elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios é efectiva cando sexa o resultado de aplicar algún dos métodos previstos no número 1 do artigo 11 da Lei do imposto.

2. Será amortizable o prezo de adquisición ou custo de produción, excluído, se é o caso, o valor residual. Cando se trate de edificacións, non será amortizable a parte do prezo de adquisición correspondente ao valor do solo excluídos, de ser o caso, os custos de rehabilitación. Cando non se coñeza o valor do solo calcularase rateando o prezo de adquisición entre os valores catastrais do solo e da construción no ano de adquisición. Non obstante, o suxeito pasivo poderá utilizar un criterio de distribución do prezo de adquisición diferente cando se probe que este criterio se fundamenta no valor normal de mercado do solo e da construción no ano de adquisición.

3. A amortización practicarase elemento por elemento.

Cando se trate de elementos patrimoniais de natureza análoga ou sometidos a un similar grao de utilización, a amortización poderase practicar sobre o seu conxunto, sempre que en todo momento se poida coñecer a parte da amortización acumulada correspondente a cada elemento patrimonial.

As instalacións técnicas poderán constituir un único elemento susceptible de amortización. Considerarase instalacións técnicas as unidades complexas de uso

especializado no proceso produtivo que comprenden edificacións, maquinaria, material, pezas ou elementos, incluídos os sistemas informáticos que, aínda sendo separables pola súa natureza, están ligados de forma definitiva para o seu funcionamento e sometidos ao mesmo ritmo de amortización, así como os recambios válidos exclusivamente para este tipo de instalacións.

4. Os elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios empezaranse a amortizar desde a súa posta en condicións de funcionamento e os do inmovilizado intanxible desde o momento en que estean en condicións de producir ingresos.

Os elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios deberanse amortizar dentro do período da súa vida útil, entendéndose por tal o período en que, segundo o método de amortización adoptado, debe quedar totalmente cuberto o seu valor, excluído o valor residual, agás que o dito período exceda do período concesional, caso de activos sometidos a reversión, onde o límite anual máximo se calculará atendendo a este último período. Os custos relacionados con grandes reparacións amortizaranse durante o período que medie ata a gran reparación.

Tratándose de elementos patrimoniais do inmovilizado intanxible, a súa vida útil será o período durante o cal se espera, razoablemente, que produzan ingresos.

5. Os elementos patrimoniais do inmovilizado intanxible con vida útil definida deberanse amortizar de acordo co previsto no número 4 do artigo 11 da Lei do imposto. Cando a vida útil sexa inferior a dez anos, o límite anual máximo calcularase atendendo a esta duración.

6. Para un mesmo elemento patrimonial non se poderán aplicar, nin simultánea nin sucesivamente, distintos métodos de amortización. Non obstante, en casos excepcionais que se indicarán e se xustificarán na memoria das contas anuais, poderase aplicar un método de amortización distinto do que se viña aplicando, dentro dos previstos neste capítulo.

7. Cando as renovacións, ampliacións ou melloras dos elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios se incorporaren ao dito inmovilizado, o seu importe amortizarase durante os períodos impositivos que resten para completar a vida útil dos referidos elementos patrimoniais. Para tal efecto, imputarase a cada período impositivo o resultado de aplicar ao importe das renovacións, ampliacións ou melloras o coeficiente resultante de dividir a amortización contabilizada do elemento patrimonial practicada en cada período impositivo, na medida en que se corresponda coa depreciación efectiva, entre o valor contable que o dito elemento patrimonial tiña ao inicio do período impositivo en que se realizaron as operacións de renovación, ampliación ou mellora.

Os elementos patrimoniais que foron obxecto das operacións de renovación, ampliación ou mellora continuarán amortizándose segundo o método que se viña aplicando con anterioridade á súa realización.

Cando as operacións mencionadas neste número determinen un alongamento da vida útil estimada do activo, este alongamento deberase ter en conta para os efectos da amortización do elemento patrimonial e do importe da renovación, ampliación ou mellora.

8. As regras do número anterior tamén se aplicarán no suposto de revalorizacións contables realizadas en virtude de normas legais ou regulamentarias que obriguen a incluír o seu importe no resultado contable.

9. Nos supostos de fusión, escisión, total e parcial, e achega, deberase proseguir para cada elemento patrimonial adquirido o método de amortización a que estaba suxeito, agás se o suxeito pasivo prefere aplicar-lles o seu propio método de amortización, para o cal

deberá formular un plan de amortización, nos termos previstos no artigo 5 deste regulamento.

10. As normas relativas á amortización dos elementos actualizados de acordo co previsto nas leis de regularización ou actualización continuarán sendo aplicables ata a extinción da súa vida útil.

A mesma regra se aplicará respecto dos elementos patrimoniais revalorizados ao abeiro da Lei 76/1980, do 26 de decembro.»

Dous. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o número 4 do artigo 2, que quedará redactado do seguinte xeito:

«4. Tratándose de elementos patrimoniais do inmovilizado material e investimentos inmobiliarios que se adquiran usados, é dicir, que non sexan postos en condicións de funcionamento por primeira vez, o cálculo da amortización efectuarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Sobre o prezo de adquisición, ata o límite resultante de multiplicar por 2 a cantidade derivada de aplicar o coeficiente de amortización lineal máximo.

b) Se se coñece o prezo de adquisición ou custo de produción orixinario, este poderá ser tomado como base para a aplicación do coeficiente de amortización lineal máximo.

c) Se non se coñece o prezo de adquisición ou custo de produción orixinario, o suxeito pasivo poderá determinalo pericialmente. Establecido o dito prezo de adquisición ou custo de produción, procederase de acordo co previsto na letra anterior.

Tratándose de elementos patrimoniais usados adquiridos a entidades pertencentes a un mesmo grupo de sociedades no sentido do artigo 67 da Lei do imposto, a amortización calcularase de acordo co previsto na letra b), agás se o prezo de adquisición for superior ao orixinario, caso en que a amortización deducible terá como límite o resultado de aplicar ao prezo de adquisición o coeficiente de amortización lineal máximo.

Para os efectos deste número non se considerarán como elementos patrimoniais usados os edificios cuxa antigüidade sexa inferior a dez anos.»

Tres. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o número 1 do artigo 5, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. Os suxeitos pasivos poderán propoñer á Administración tributaria un plan para a amortización dos elementos patrimoniais do inmovilizado material, intanxible ou investimentos inmobiliarios.»

Catro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase a rúbrica do capítulo III do título I, que quedará redactada do seguinte xeito:

«CAPÍTULO III

Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais. Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común»

Cinco. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 10, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 10. *Plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais.*

1. Os suxeitos pasivos poderán someter á Administración tributaria un plan de gastos correspondentes a actuacións ambientais.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

- a) Descrición das obrigas do suxeito pasivo ou compromisos adquiridos por este para previr ou reparar danos sobre o ambiente.
- b) Descrición técnica e xustificación da necesidade da actuación que se vai realizar.
- c) Importe estimado dos gastos correspondentes á actuación ambiental e xustificación deste.
- d) Criterio de imputación temporal do importe estimado dos gastos correspondentes á actuación ambiental e xustificación deste.
- e) Data de inicio da actuación ambiental.

3. A solicitude presentarse dentro dos tres meses seguintes á data de nacemento da obriga ou compromiso da actuación ambiental.

O suxeito pasivo poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá solicitar do suxeito pasivo cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

O suxeito pasivo poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ao suxeito pasivo, quen disporá dun prazo de quince días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

- a) Aprobar o plan de gastos formulado polo suxeito pasivo.
- b) Aprobar un plan alternativo de gastos formulado polo suxeito pasivo no curso do procedemento.
- c) Desestimar o plan de gastos formulado polo suxeito pasivo.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar no prazo de tres meses.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o número anterior, sen se ter notificado unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan de gastos formulado polo suxeito pasivo.»

Seis. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 11, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 11. *Modificación do plan de gastos correspondentes a actuacións ambientais.*

Os plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais aprobados poderanse modificar por solicitude do suxeito pasivo, observándose as normas previstas no artigo anterior. Esta solicitude deberase presentar dentro dos tres últimos meses do período impositivo no cal deba producir efecto a modificación.»

Sete. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 12, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 12. *Plans especiais de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común.*

1. Cando se probe que os investimentos e gastos se deben efectuar necesariamente nun prazo superior ao previsto no número 1 do artigo 123 da Lei do imposto, os suxeitos pasivos poderán presentar plans especiais de investimentos e gastos.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

- a) Descrición dos gastos, investimentos e os seus importes realizados dentro do prazo previsto no número 1 do artigo 123 da Lei do imposto.
- b) Descrición dos investimentos ou gastos pendentes obxecto do plan especial.
- c) Importe efectivo ou previsto dos investimentos ou gastos do plan.
- d) Descrición do plan temporal de realización do investimento ou gasto.
- e) Descrición das circunstancias específicas que xustifican o plan especial de investimentos e gastos.

3. O plan especial de reinvestimento presentarse antes da finalización do último período impositivo a que se refire o número 1 do artigo 123 da Lei do imposto.

O suxeito pasivo poderá desistir da solicitude formulada.

4. A Administración tributaria poderá solicitar do suxeito pasivo cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios. Así mesmo, será preceptivo solicitar informe dos organismos das comunidades autónomas que teñan competencia en materia forestal en que teña o seu domicilio fiscal o suxeito pasivo.

O suxeito pasivo poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ao suxeito pasivo, quen disporá dun prazo de quince días para formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

6. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

- a) Aprobar o plan especial de investimentos e gastos formulado polo suxeito pasivo.
- b) Aprobar un plan especial de investimentos e gastos alternativo formulado polo suxeito pasivo no curso do procedemento.
- c) Desestimar o plan especial de investimentos e gastos formulado polo suxeito pasivo.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar no prazo de tres meses.

7. Transcorrido o prazo a que fai referencia o número anterior sen se ter notificado unha resolución expresa, entenderase aprobado o plan especial de investimentos e gastos.

8. No caso de incumprimento total ou parcial do plan, o suxeito pasivo regularizará a súa situación tributaria nos termos establecidos no número 3 do artigo 137 da Lei do imposto, tendo en conta o investimento ou gasto proposto e o efectivamente realizado.»

Oito. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 13, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 13. *Órgano competente.*

Será competente para instruír e resolver o procedemento relativo a plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais e de investimentos e gastos das comunidades titulares de montes veciñais en man común o órgano da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda de acordo coas súas normas de estrutura orgánica.»

Novo. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 15, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 15. *Obrigas de información.*

Para os efectos do disposto no número 5 do artigo 12 da Lei do imposto, os suxeitos pasivos deberán presentar, conxuntamente coa súa declaración polo imposto sobre sociedades dos exercicios en que practiquen a dedución recollida no dito número, a seguinte información:

a) En relación coa entidade directamente participada:

- 1.º Identificación e porcentaxe de participación.
- 2.º Descrición das súas actividades.
- 3.º Valor e data de adquisición das participacións, así como o valor do patrimonio neto contable correspondente a estas, determinado a partir das contas anuais homoxeneizadas.
- 4.º Xustificación dos criterios de homoxeneización valorativa e temporal, así como de imputación aos bens e dereitos da entidade participada, da diferenza existente entre o prezo de adquisición das súas participacións e o patrimonio neto contable imputable a estas na data da súa adquisición.

b) Importe do investimento realizado na adquisición de participacións en entidades non residentes en territorio español incluído na base de dedución do artigo 37 da Lei do imposto.»

Dez. Modifícase o capítulo V do título I, que queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO V

Determinación do valor normal de mercado e obrigas de documentación das operacións vinculadas e con persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais

SECCIÓN 1.^a DETERMINACIÓN DO VALOR NORMAL DE MERCADO DAS OPERACIÓNS VINCULADAS

Artigo 16. *Determinación do valor normal de mercado das operacións vinculadas: análise de comparabilidade.*

1. Para os efectos de determinar o valor normal de mercado que terían acordado persoas ou entidades independentes en condicións de libre competencia a que se refire o número 1 do artigo 16 da Lei do imposto, compararanse as circunstancias das operacións vinculadas coas circunstancias de operacións entre persoas ou entidades independentes que puidesen ser equiparables.

2. Para determinar se dúas ou máis operacións son equiparables teranse en conta, na medida en que fosen relevantes e que o obrigado tributario puidese dispoñer delas razoablemente, as seguintes circunstancias.

- a) As características específicas dos bens ou servizos obxecto das operacións vinculadas.
- b) As funcións asumidas polas partes en relación coas operacións obxecto de análise, identificando os riscos asumidos e ponderando, se é o caso, os activos utilizados.
- c) Os termos contractuais de que, de ser o caso, deriven as operacións tendo en conta as responsabilidades, riscos e beneficios asumidos por cada parte contratante.
- d) As características dos mercados en que se entregan os bens ou se prestan os servizos, ou outros factores económicos que poidan afectar as operacións vinculadas.

e) Calquera outra circunstancia que sexa relevante en cada caso, como as estratexias comerciais. En ausencia de datos sobre comparables de empresas independentes ou cando a fiabilidade dos dispoñibles sexa limitada, o obrigado tributario deberá documentar estas circunstancias.

Se algunha das circunstancias anteriormente citadas non se tivo en conta porque o obrigado tributario considera que non é relevante, deberá facer unha mención ás razóns polas cales se exclúen da análise.

En todo caso deberanse indicar os elementos de comparación internos ou externos que se deban ter en consideración.

3. Cando as operacións vinculadas que realice o obrigado tributario se atopen estreitamente ligadas entre si ou fosen realizadas de forma continua, de maneira que a súa valoración independente non resulte adecuada, a análise de comparabilidade a que se refire este número efectuarase tendo en conta o conxunto das ditas operacións.

4. Dúas ou máis operacións son equiparables cando non existen entre elas diferenzas significativas nas circunstancias a que se refire o número 2 anterior que afecten o prezo do ben ou servizo ou a marxe da operación ou, cando existindo diferenzas, se poidan eliminar efectuando as correccións necesarias.

A análise de comparabilidade así descrita forma parte da documentación a que se refire o artigo 20 deste regulamento e cumpre a obriga prevista no parágrafo b) do número 1 do citado artigo.

5. A análise de comparabilidade e a información sobre as operacións equiparables constitúen os factores que determinarán, en cada caso, de acordo co disposto no número 4 do artigo 16 da Lei do imposto, o método de valoración máis axeitado.

6. Para os efectos do disposto no artigo 16.4 da Lei do imposto, o obrigado tributario poderá considerar que o valor convido coincide co valor normal de mercado cando se trate dunha prestación de servizos por un socio profesional, persoa física, a unha entidade vinculada e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a entidade sexa unha das previstas no artigo 108 da Lei do imposto, máis do 75 por cento dos seus ingresos do exercicio procedan do desenvolvemento de actividades profesionais, conte cos medios materiais e humanos axeitados e o resultado do exercicio previo á dedución das retribucións correspondentes á totalidade dos socios-profesionais pola prestación dos seus servizos sexa positivo.

b) Que a contía das retribucións correspondentes á totalidade dos socios-profesionais pola prestación dos seus servizos á entidade non sexa inferior ao 85 por cento do resultado previo a que se refire a letra a).

c) Que a contía das retribucións correspondentes a cada un dos socios-profesionais cumpra os seguintes requisitos:

1.º Que se determine en función da contribución efectuada por estes á boa marcha da sociedade, sendo necesario que consten por escrito os criterios cualitativos e/ou cuantitativos aplicables.

2.º Non sexa inferior a dúas veces o salario medio dos asalariados da sociedade que cumpran funcións análogas ás dos socios profesionais da entidade. En ausencia destes últimos, a contía das citadas retribucións non poderá ser inferior a dúas veces o salario medio anual do conxunto de contribuíntes previsto no artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.

O incumprimento do requisito establecido neste número 2.º en relación con algún dos socios-profesionais non impedirá a aplicación do previsto neste número aos restantes socios-profesionais.

SECCIÓN 2.^a REQUISITOS DE DEDUCIBILIDADE DAS OPERACIÓNS VINCULADAS

Artigo 17. *Requisitos dos acordos de repartición de custos subscritos entre persoas ou entidades vinculadas.*

Para os efectos do previsto no número 6 do artigo 16 da Lei do imposto, os acordos de repartición de custos de bens e servizos subscritos polo obrigado tributario deberán incluír a identificación das demais persoas ou entidades participantes, nos termos previstos na letra a) do número 1 do artigo 20 deste regulamento, o ámbito das actividades e proxectos específicos cubertos polos acordos, a súa duración, criterios para cuantificar a repartición dos beneficios esperados entre os partícipes, a forma de cálculo das súas respectivas achegas, especificación das tarefas e responsabilidades dos partícipes, consecuencias da adhesión ou retirada dos partícipes así como calquera outra disposición que preveña adaptar os termos do acordo para reflectir unha modificación das circunstancias económicas.

SECCIÓN 3.^a OBRIGAS DE DOCUMENTACIÓN DAS OPERACIÓNS VINCULADAS

Artigo 18. *Obriga de documentación das operacións entre persoas ou entidades vinculadas.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 16.2 da Lei do imposto, e para a determinación do valor de mercado das operacións entre persoas ou entidades vinculadas, o obrigado tributario deberá achegar, por requirimento da Administración tributaria, a documentación establecida nesta sección, a cal deberá estar á disposición da Administración tributaria a partir da finalización do prazo voluntario de declaración ou liquidación.

A dita obriga establécese sen prexuízo da facultade da Administración tributaria de solicitar aquela documentación ou información adicional que considere necesaria no exercicio das súas funcións, de acordo co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A documentación a que se refire esta sección deberase elaborar tendo en conta a complexidade e o volume das operacións, de forma que lle permita á Administración comprobar que a valoración das operacións se axustou ao previsto no artigo 16 da Lei do imposto. Na súa preparación, o obrigado tributario poderá utilizar aquela documentación relevante de que dispoña para outras finalidades. A dita documentación estará formada por:

a) A documentación relativa ao grupo a que pertenza o obrigado tributario. Enténdese por grupo, para estes efectos, o establecido no número 3 do artigo 16 da Lei do imposto, así como o constituído por unha entidade residente ou non-residente e os seus establecementos permanentes no estranxeiro ou en territorio español.

Tratándose dun grupo nos termos previstos no número 3 do artigo 16 da Lei do imposto, a entidade dominante poderá optar por preparar e conservar a documentación relativa a todo o grupo. Cando a entidade dominante non sexa residente en territorio español, deberá designar unha entidade do grupo residente en territorio español para conservar a documentación.

O disposto no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo do deber do obrigado tributario de achegar por requirimento da Administración tributaria en prazo e de forma veraz e completa a documentación relativa ao grupo a que pertenza.

b) A documentación do obrigado tributario.

3. Non será exixible a documentación prevista nesta sección en relación coas seguintes operacións vinculadas:

a) As realizadas entre entidades que se integren nun mesmo grupo de consolidación fiscal que optasen polo réxime regulado no capítulo VII do título VII da Lei do imposto.

b) As realizadas cos seus membros polas agrupacións de interese económico de acordo co previsto na Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico, e as unións temporais de empresas, reguladas na Lei 18/1982, do 26 de maio, sobre réxime fiscal de agrupacións e unións temporais de empresas e de sociedades de desenvolvemento industrial rexional e inscritas no rexistro especial do Ministerio de Economía e Facenda.

c) As realizadas no ámbito de ofertas públicas de venda ou de ofertas públicas de adquisición de valores.

4. O obrigado tributario deberá incluír nas declaracións que así se preveña a información relativa ás súas operacións vinculadas nos termos que se establezan por orde do ministro de Economía e Facenda.

Artigo 19. *Obriga de documentación do grupo a que pertenza o obrigado tributario.*

1. A documentación relativa ao grupo comprende a seguinte:

a) Descrición xeral da estrutura organizativa, xurídica e operativa do grupo, así como calquera cambio relevante nela.

b) Identificación das distintas entidades que, formando parte do grupo, realicen operacións vinculadas en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario.

c) Descrición xeral da natureza, importes e fluxos das operacións vinculadas entre as entidades do grupo en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario.

d) Descrición xeral das funcións exercidas e dos riscos asumidos polas distintas entidades do grupo en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario, incluíndo os cambios respecto do período impositivo ou de liquidación anterior.

e) Unha relación da titularidade das patentes, marcas, nomes comerciais e demais activos intanxibles en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario, así como o importe das contraprestacións derivadas da súa utilización.

f) Unha descrición da política do grupo en materia de prezos de transferencia que inclúa o método ou métodos de fixación dos prezos adoptado polo grupo, que xustifique a súa adecuación ao principio de libre competencia.

g) Relación dos acordos de repartición de custos e contratos de prestación de servizos entre entidades do grupo, en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario.

h) Relación dos acordos previos de valoración ou procedementos amigables subscritos ou en curso relativos ás entidades do grupo en canto afecten, directa ou indirectamente, as operacións realizadas polo obrigado tributario.

i) A memoria do grupo ou, no seu defecto, informe anual equivalente.

2. As obrigas documentais previstas no número anterior referiranse ao período impositivo ou de liquidación en que o obrigado tributario realice operacións vinculadas con calquera outra entidade do grupo, e serán exixibles para os grupos que non cumpran co previsto no artigo 108 da Lei do imposto.

Cando a documentación elaborada para un período impositivo ou de liquidación continúe sendo válida noutros posteriores non será necesaria a elaboración

de nova documentación, sen prexuízo de que se deban efectuar as adaptacións que foren necesarias.

3. Para os efectos do disposto no artigo 16.10 da Lei do imposto constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que se refiren cada unha das letras a), c), d), f) e i) do número 1 deste artigo. Para estes mesmos efectos terá a consideración de dato a información relativa a cada unha das persoas, entidades ou importes mencionados nas letras b) e e) do dito número. Tamén terá a consideración de dato cada un dos acordos de repartición de custos, contratos de prestación de servizos, acordos previos de valoración e procedementos amigables a que se refiren as letras g) e h).

Artigo 20. *Obriga de documentación do obrigado tributario.*

1. A documentación específica do obrigado tributario deberá comprender:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do obrigado tributario e das persoas ou entidades con que se realice a operación, así como descrición detallada da súa natureza, características e importe.

Así mesmo, cando se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, deberán identificar as persoas que, en nome destas persoas ou entidades, interviñesen na operación e, en caso de que se trate de operacións con entidades, a identificación dos seus administradores.

b) Análise de comparabilidade nos termos descritos no artigo 16.2 deste regulamento.

c) Unha explicación relativa á selección do método de valoración elixido, que inclúa unha descrición das razóns que xustificaron a súa elección así como a súa forma de aplicación, e a especificación do valor ou intervalo de valores derivados del.

d) Criterios de repartición de gastos en concepto de servizos prestados conxuntamente en favor de varias persoas ou entidades vinculadas, así como os correspondentes acordos, se os houber, e acordos de repartición de custos a que se refire o artigo 17 deste regulamento.

e) Calquera outra información relevante de que dispuxer o obrigado tributario para determinar a valoración das súas operacións vinculadas, así como os pactos parasociais subscritos con outros socios.

2. As obrigas documentais previstas no número anterior referiranse ao período impositivo ou de liquidación en que o obrigado tributario realizase a operación vinculada.

Cando a documentación elaborada para un período impositivo ou de liquidación continúe sendo válida noutros posteriores, non será necesaria a elaboración de nova documentación, sen prexuízo de que se deban efectuar as adaptacións que foren necesarias.

3. As obrigas documentais previstas no número 1 anterior serán exixibles na súa totalidade, salvo cando unha das partes que interveña na operación sexa unha das entidades a que se refire o artigo 108 da Lei do imposto ou unha persoa física e non se trate de operacións realizadas con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, caso en que as obrigas específicas de documentación dos obrigados tributarios comprenderán:

a) As previstas nas letras a), b), c) e e) do número 1 cando se trate de operacións realizadas por contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas a que resulte de aplicación o réxime de estimación obxectiva con sociedades en que aqueles ou os seus cónxuxes, ascendentes ou descendentes, de forma individual ou conxuntamente entre todos eles, teñan

unha porcentaxe igual ou superior ao 25 por 100 do capital social ou dos fondos propios.

b) As previstas nas letras a) e e) do número 1, así como as magnitudes, porcentaxes, ratios, tipos de xuro aplicables aos descontos de fluxos, expectativas e demais valores empregados na determinación do valor cando a operación consistir na transmisión de negocios ou valores ou participacións representativas da participación nos fondos propios de calquera tipo de entidades non admitidos a negociación nalgún dos mercados regulados de valores definidos na Directiva 2004/39/CE.

c) As previstas nas letras a), c) e e) do número 1 nos supostos de transmisión de inmobles ou de operacións sobre intanxibles.

d) A prevista na letra a) do número 1, así como a xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 16.6 deste regulamento cando se trate das prestacións de servizos profesionais a que lles resulte de aplicación o previsto no citado artigo.

e) As previstas nas letras a) e e) do número 1, así como a identificación do método de valoración utilizado e o intervalo de valores derivados deste, no resto dos casos.

4. En relación con cada operación ou conxunto de operacións, cando estas se atopen estreitamente ligadas entre si ou fosen realizadas de forma continua polo obrigado tributario, e para os efectos da aplicación do disposto no artigo 16.10 da Lei do imposto, constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que se refiren cada unha das letras b), c), d) e e) do número 1 e as descritas nas letras b), d) e e) do número 3. Para estes mesmos efectos terá a consideración de dato a información relativa a cada unha das persoas ou entidades a que se refire a letra a) do número 1.

SECCIÓN 4.^a COMPROBACIÓN DO VALOR NORMAL DE MERCADO DAS OPERACIÓNS VINCULADAS

Artigo 21. *Comprobación do valor normal de mercado das operacións vinculadas.*

1. Cando a corrección valorativa non sexa o obxecto único da regularización que proceda practicar no procedemento de inspección en que se leve a cabo, a proposta de liquidación que derive dela documentarase nunha acta distinta das que se deban formalizar polos demais elementos da obriga tributaria. Na dita acta xustificarase a determinación do valor normal de mercado conforme algún dos métodos previstos no número 4 do artigo 16 da Lei do imposto e sinalaranse axeitadamente os motivos que determinan a corrección da valoración efectuada polo obrigado. A liquidación derivada desta acta terá carácter provisional de acordo co establecido no artigo 101.4.b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Se o obrigado tributario interpón recurso ou reclamación contra a liquidación provisional practicada como consecuencia da corrección valorativa, notificarase a dita liquidación e a existencia do procedemento revisor ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas co obxecto de que poidan comparecer no procedemento, de conformidade co disposto nos artigos 223.3 e 232.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Transcorridos os prazos oportunos sen que o obrigado tributario interpuxese recurso ou reclamación, notificarase a liquidación provisional practicada ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas para que aquelas que o desexen poidan optar de forma conxunta por interpoñer o oportuno recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa. Se, por non existir acordo entre as distintas partes ou entidades vinculadas, se simultaneasen ambas as dúas vías de revisión, tramitarase o recurso ou reclamación

presentado en primeiro lugar e declarárase inadmisíble o segundo ou ulterior.

3. Cando para a aplicación dos métodos previstos no número 4 do artigo 16 da Lei do imposto fose necesario comprobar o valor de bens ou dereitos por algún dos medios establecidos no artigo 57.1 da Lei xeral tributaria, o obrigado tributario poderá promover a taxación pericial contraditoria para corrixir o valor comprobado do dito ben ou dereito. Se o obrigado tributario promove a taxación pericial contraditoria, o órgano competente notificará ao obrigado tributario e ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas o informe emitido por un perito da Administración, e concederelles un prazo de 15 días para que poidan proceder ao nomeamento de común acordo dun perito, que deberá ter título axeitado á natureza dos bens ou dereitos que se van valorar, tramitándose o procedemento de taxación pericial contraditoria conforme o disposto no artigo 135 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez finalizado o procedemento de taxación pericial contraditoria, procederase conforme o sinalado no número 2 anterior en canto aos posibles recursos ou reclamacións que se poidan interpor contra a liquidación provisional derivada do valor resultante da taxación.

Cando, conforme o disposto neste número, sexa posible promover o procedemento de taxación pericial contraditoria e transcorresen os prazos oportunos sen que o obrigado tributario promovesse a dita taxación ou interpusese recurso ou reclamación, a liquidación provisional practicada notificarase ás demais persoas ou entidades vinculadas afectadas para que aquelas que o desexen poidan optar de forma conxunta por promover a taxación pericial contraditoria ou interpoñer o oportuno recurso ou reclamación. Se, por non existir acordo entre as distintas partes ou entidades vinculadas, a solicitude de taxación pericial contraditoria se simultanease cun recurso ou reclamación, substanciárase aquela en primeiro lugar, para os efectos de determinar o valor a que se refire o artigo 16.1.2.º da Lei do imposto. A presentación da solicitude de taxación pericial contraditoria producirá efectos suspensivos conforme o disposto no artigo 135.1 da Lei xeral tributaria e determinará a inadmisión dos recursos e reclamacións que se puidesen simultanear coa dita taxación pericial contraditoria.

Unha vez finalizado o procedemento de taxación pericial contraditoria a que se refire o parágrafo anterior, as partes ou entidades vinculadas poderán optar de forma conxunta, nos termos previstos no número 2 anterior, por interpoñer recurso de reposición ou reclamación económico-administrativa contra a liquidación provisional derivada do valor resultante da taxación.

4. Unha vez que a liquidación practicada ao obrigado tributario adquirise firmeza, a Administración tributaria regularizará a situación tributaria das demais persoas ou entidades vinculadas conforme o valor comprobado e firme, e recoñecerá, se é o caso, os correspondentes xuros de mora. Esta regularización realizarase mediante a práctica dunha liquidación correspondente ao último período impositivo cuxo prazo de declaración e ingreso finalizase no momento en que se produza tal firmeza. Tratándose de impostos en que non exista período impositivo, a dita regularización realizarase mediante a práctica dunha liquidación correspondente ao momento en que se produza a firmeza da liquidación practicada ao obrigado tributario.

Nesta liquidación teranse en conta os efectos correspondentes ao valor comprobado e firme respecto de todos e cada un dos períodos impositivos afectados pola corrección valorativa levada a cabo pola Administración tributaria e incluírá, de ser o caso, os correspondentes xuros de mora calculados desde a finalización do prazo establecido para a presentación

da autoliquidación ou desde a data da presentación fóra de prazo da autoliquidación se a regularización dá lugar a unha devolución de cada un dos exercicios en que a operación vinculada producise efectos, ata a data en que se practica a liquidación correspondente ao exercicio en que o valor comprobado da dita operación é eficaz fronte ás demais persoas ou entidades vinculadas, de acordo co establecido no artigo 16.9.3.º da Lei do imposto e no parágrafo anterior.

Os obrigados tributarios deberán, así mesmo, aplicar o valor comprobado nas declaracións dos períodos impositivos seguintes a aquel a que se refira a regularización administrativa cando a operación vinculada produza efectos neles.

Para a práctica da liquidación anterior, os órganos de inspección poderán exercer as facultades previstas no artigo 142 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e realizar as actuacións de obtención de información que consideren necesarias.

5. O procedemento regulado neste artigo non se aplicará ás persoas ou entidades afectadas pola corrección valorativa que non sexan residentes en territorio español ou establecementos permanentes situados nel, de acordo co disposto no punto 4.º do número 9 do artigo 16 da lei.

As persoas ou entidades afectadas non residentes en territorio español, salvo que se trate de establecementos permanentes radicados nel, que poidan invocar un tratado ou convenio que pasase a formar parte do ordenamento interno, deberán acudir ao procedemento amigable ou ao procedemento arbitral para eliminar a posible dobre imposición xerada pola corrección valorativa, de acordo co disposto no punto 5.º do número 9 do artigo 16 da lei.

Sección 5.ª AXUSTE SECUNDARIO

Artigo 21 bis. *Diferenzas entre o valor convido e o valor normal de mercado das operacións vinculadas.*

1. Naquelas operacións nas cales o valor convido sexa distinto do valor normal de mercado, a diferenza entre ambos os dous valores terá para as persoas ou entidades vinculadas o tratamento fiscal que corresponda á natureza das rendas postas de manifesto como consecuencia da existencia da dita diferenza.

2. En particular, nos supostos en que a vinculación se defina en función da relación socios ou participes-entidade, a diferenza terá con carácter xeral o seguinte tratamento:

a) Cando a diferenza for a favor do socio ou partícipe, a parte da diferenza que se corresponda coa porcentaxe de participación na entidade considerarase como retribución de fondos propios para a entidade e como participación en beneficios de entidades para o socio.

A parte da diferenza que non se corresponda coa porcentaxe de participación na entidade, para a entidade terá a consideración de retribución dos fondos propios e para o socio ou partícipe, de utilidade percibida dunha entidade pola condición de socio, accionista, asociado ou partícipe de acordo co previsto no artigo 25.1.d) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

b) Cando a diferenza for a favor da entidade, a parte da diferenza que se corresponda coa porcentaxe de participación nela terá a consideración de achega do socio ou partícipe aos fondos propios da entidade e aumentará o valor de adquisición da participación do socio ou partícipe.

A parte da diferenza que non se corresponda coa porcentaxe de participación na entidade terá a conside-

ración de renda para a entidade e de liberalidade para o socio ou partícipe. Cando se trate de contribuíntes do imposto sobre a renda de non-residentes sen establecemento permanente, a renda considerarase como ganancia patrimonial de acordo co previsto no artigo 13.1.i).4.º do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo.

3. A cualificación da renda posta de manifesto pola diferenza entre o valor normal de mercado e o valor convido poderá ser distinta da prevista no número 2 anterior cando se acredite unha causa diferente ás establecidas no citado número 2.

SECCIÓN 6.ª OBRIGAS DE DOCUMENTACIÓN DAS OPERACIÓNS CON PERSOAS OU ENTIDADES NON VINCULADAS RESIDENTES EN PARAÍDOS FISCAIS

Artigo 21 ter. Obriga de documentación das operacións con persoas ou entidades non vinculadas residentes en paraísos fiscais.

1. Para os efectos do previsto no artigo 17.2 da Lei do imposto, os que realicen operacións con persoas ou entidades residentes en países ou territorios considerados como paraísos fiscais, que non teñan a consideración de persoas ou entidades vinculadas nos termos previstos no artigo 16 da Lei do imposto, estarán suxeitos ás seguintes obrigas de documentación:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do obrigado tributario e das persoas ou entidades con que se realice a operación, así como descrición detallada da súa natureza, características e importe.

Así mesmo, deberanse identificar as persoas que, en nome das ditas persoas ou entidades, interviñesen na operación e, en caso de que se trate de operacións con entidades, a identificación dos seus administradores.

b) Análise de comparabilidade nos termos descritos no artigo 16.2 deste regulamento.

c) Unha explicación relativa á selección do método de valoración elixido, que inclúa unha descrición das razóns que xustificaron a súa elección así como a súa forma de aplicación, e a especificación do valor ou intervalo de valores derivados del.

d) Criterios de repartición de gastos en concepto de servizos prestados conxuntamente en favor de varias persoas ou entidades residentes en paraísos fiscais, así como os correspondentes acordos, se os houber, e acordos de repartición de custos a que se refire o artigo 17 deste regulamento.

e) Calquera outra información de que dispuxese o obrigado tributario para determinar a valoración das súas operacións.

2. Non serán exixibles as obrigas de documentación previstas no número anterior respecto de servizos e compravendas internacionais de mercadorías, incluídas as comisións de mediación nestas, así como os gastos accesorios e conexos, cando se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que o obrigado tributario probe que a realización da operación a través dun país ou territorio considerado como paraíso fiscal responde á existencia de motivos económicos válidos.

b) Que o obrigado tributario realice operacións equiparables con persoas ou entidades non vinculadas que non residan en países ou territorios considerados como paraísos fiscais e acredite que o valor convido da operación se corresponde co valor convido nas ditas operacións equiparables, unha vez efectuadas, se é o caso, as correccións necesarias.

3. En relación con cada operación ou conxunto de operacións, cando estas se atopen estreitamente ligadas entre si ou fosen realizadas de forma continua polo obrigado tributario, a que se refire o número 1 e para os efectos da aplicación do disposto no artigo 16.10 da Lei do imposto, constitúen distintos conxuntos de datos as informacións a que se refiren cada unha das letras b), c), d) e e) do número 1. Para estes mesmos efectos, terá a consideración de dato a información relativa a cada unha das persoas ou entidades a que se refire a letra a) do número 1.»

Once. Modifícase o capítulo VI do título I, que queda redactado nos seguintes termos:

«CAPÍTULO VI

Acordos de valoración previa de operacións entre persoas ou entidades vinculadas

Artigo 22. Actuacións previas.

1. As persoas ou entidades vinculadas que pretendan solicitar á Administración tributaria que determine o valor normal de mercado das operacións efectuadas entre elas poderán presentar unha solicitude previa, cuxo contido será o seguinte:

- Identificación das persoas ou entidades que vaian realizar as operacións.
- Descrición sucinta das operacións obxecto del.
- Elementos básicos da proposta de valoración que se pretenda formular.

2. A Administración tributaria analizará a solicitude previa, poderá solicitar dos interesados as aclaracións pertinentes e comunicará aos interesados a viabilidade ou non do acordo previo de valoración.

Artigo 23. Inicio do procedemento.

1. As persoas ou entidades vinculadas poderán presentar a solicitude de determinación do valor normal de mercado, que conterá unha proposta de valoración fundamentada no valor de mercado cunha descrición do método proposto e unha análise que xustifique que a súa forma de aplicación respecta o principio de libre competencia das operacións efectuadas entre elas con carácter previo á súa realización. Así mesmo, poderán presentar ante a Administración tributaria unha proposta para a aplicación dun coeficiente distinto do establecido no número 1 do artigo 20 da Lei do imposto.

A solicitude deberá ser subscriba polas persoas ou entidades solicitantes, que deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións cuxa valoración se solicita coñecen e aceptan a solicitude de valoración.

2. A solicitude deberá ir acompañada da documentación a que se refiren os artigos 19.1 e 20.1 deste regulamento, en canto resulte aplicable á proposta de valoración, e adaptarse ás circunstancias do caso.

3. Nas propostas relativas ao coeficiente de subcapitalización deberase achegar a seguinte documentación:

- Contas anuais da entidade.
- Endebedamento que, en relación ao capital fiscal, considera o suxeito pasivo que podería ter obtido en condicións normais de mercado de persoas ou entidades non vinculadas e xustificación daquel.
- Descrición do grupo de sociedades a que pertence a entidade.
- Identificación das entidades non residentes vinculadas con que a entidade contraeu ou contraerá o endebedamento.
- Coeficiente de endebedamento que se propón e xustificación deste, destacando as circunstancias

económicas que se deban entender básicas para a súa aplicación.

f) Xustificación do tratamento de reciprocidade.

4. Nos 30 días seguintes ao da data en que a solicitude de inicio tivo entrada no rexistro do órgano competente, este poderá requirir o solicitante para que, de ser o caso, emende os erros ou a complete con calquera outra información que a Administración tributaria considere relevante para a determinación do valor normal de mercado. O solicitante disporá do prazo de 10 días para achegar a documentación ou emendar os erros. A falta de atención do requirimento determinará o arquivo das actuacións e terase por non presentada a solicitude.

5. Poderase acordar motivadamente a inadmisión a trámite da solicitude cando concorran algunhas das seguintes circunstancias:

a) Que a proposta de valoración que se pretende formular careza manifestamente de fundamento para determinar o valor normal de mercado.

b) Que se desestimase propostas de valoración substancialmente iguais á proposta que se pretende formular.

c) Que se considere que non hai un risco de dobre imposición que se pode evitar mediante a proposta de valoración.

d) Calquera outra circunstancia que permita determinar que a proposta que se pretende formular será desestimada.

6. Transcorrido o prazo sinalado no número 4 anterior sen notificar aos obrigados tributarios a inadmisión da solicitude, o procedemento entenderase iniciado.

Artigo 24. *Réxime da documentación presentada.*

1. A documentación presentada unicamente terá efectos en relación co procedemento regulado neste capítulo e será exclusivamente utilizada respecto del.

2. O previsto nos artigos anteriores non eximirá os suxeitos pasivos das obrigas que lles incumben de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou noutra disposición, en canto o seu cumprimento puiden afectar a documentación referida no artigo 22 deste regulamento.

3. Nos casos de desistencia, caducidade ou desestimación da proposta procederá a devolución da documentación achegada.

Artigo 25. *Tramitación.*

A Administración tributaria examinará a proposta xunto coa documentación presentada. Para estes efectos, poderalles requirir aos obrigados tributarios cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta, así como explicacións ou aclaracións adicionais sobre ela.

Artigo 26. *Terminación e efectos do acordo.*

1. A resolución que poña fin ao procedemento poderá:

a) Aprobar a proposta de valoración presentada polo obrigado tributario.

b) Aprobar, coa aceptación do obrigado tributario, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.

c) Desestimar a proposta de valoración formulada polo obrigado tributario.

2. O acordo previo de valoración formalizarase nun documento que incluíra, polo menos:

a) Lugar e data da súa formalización.

b) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e número de identificación fiscal dos obrigados tributarios a que se refire a proposta.

c) Conformidade dos obrigados tributarios co contido do acordo.

d) Descrición das operacións a que se refire a proposta.

e) Elementos esenciais do método de valoración e intervalo de valores que, de ser o caso, derivan deste, así como as circunstancias económicas que se deban entender básicas para a súa aplicación, destacando as asuncións críticas.

f) Períodos impositivos ou de liquidación a que será aplicable o acordo e data de entrada en vigor deste.

3. Na desestimación da proposta de valoración incluíranse xunto coa identificación dos obrigados tributarios os motivos polos que a Administración tributaria desestima a proposta.

4. O procedemento deberá finalizar no prazo de 6 meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado a resolución expresa, a proposta poderase entender desestimada.

5. A Administración tributaria e os obrigados tributarios deberán aplicar o que resulte da proposta aprobada.

6. A Administración tributaria poderá comprobar que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada se corresponden cos efectivamente habidos e que a proposta aprobada foi correctamente aplicada.

Cando da comprobación resultar que os feitos e operacións descritos na proposta aprobada non se corresponden coa realidade, ou que a proposta aprobada non foi aplicada correctamente, a Inspección dos Tributos procederá a regularizar a situación tributaria dos obrigados tributarios.

7. A desistencia de calquera dos obrigados tributarios determinará a terminación do procedemento.

Artigo 27. *Recursos.*

Contra a resolución que poña fin ao procedemento ou contra o acto presunto desestimatorio non se poderá recorrer, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que contra os actos de liquidación que no seu día se diten se poidan interpoñer.

Artigo 28. *Órganos competentes.*

Será competente para iniciar, instruír e resolver o procedemento o Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria. O titular do dito departamento designará o equipo ou unidade a que corresponderá a tramitación do procedemento e a proposta de resolución.

Artigo 29. *Información sobre a aplicación do acordo para a valoración das operacións efectuadas con persoas ou entidades vinculadas.*

Conxuntamente coa declaración do imposto sobre sociedades, do imposto sobre a renda das persoas físicas ou do imposto sobre a renda de non-residentes, os obrigados tributarios presentarán un escrito relativo á aplicación do acordo previo de valoración aprobado, cuxo contido deberá comprender, entre outra, a seguinte información:

a) Operacións realizadas no período impositivo ou de liquidación a que se refire a declaración ás cales foi de aplicación o acordo previo.

b) Prezos ou valores a que foron realizadas as operacións anteriores como consecuencia da aplicación do acordo previo.

c) Descrición, se as houber, das variacións significativas das circunstancias económicas que se deban entender básicas para a aplicación do método de valoración a que se refire o acordo previo.

d) Operacións efectuadas no período impositivo ou de liquidación similares a aquelas a que se refire o acordo previo, prezos polos que foron realizadas e des-

crición das diferenzas existentes respecto das operacións comprendidas no ámbito do acordo previo.

Non obstante, nos acordos asinados con outras administracións a documentación que deberá presentar o obrigado tributario anualmente será a que derive do propio acordo.

Artigo 29 bis. *Modificación do acordo previo de valoración.*

1. No suposto de variación significativa das circunstancias económicas existentes no momento da aprobación do acordo previo de valoración, este poderá ser modificado para adecualo ás novas circunstancias económicas. O procedemento de modificación poderase iniciar de oficio ou por instancia dos obrigados tributarios.

2. A solicitude de modificación deberá ser subscrita polas persoas ou entidades solicitantes, que deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións cuxa valoración se solicita coñecen e aceptan a solicitude de modificación, e deberá conter a seguinte información:

- a) Xustificación da variación significativa das circunstancias económicas.
- b) Modificación que, a teor da dita variación, resulta procedente.

A desistencia de calquera das persoas ou entidades afectadas determinará a terminación do procedemento de modificación.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada e logo de audiencia dos obrigados tributarios, que disporán para o efecto dun prazo de quince días, ditará resolución motivada, que poderá:

- a) Aprobar a modificación formulada polos obrigados tributarios.
- b) Aprobar, coa aceptación do obrigado tributario, unha proposta de valoración que difira da inicialmente presentada.
- c) Desestimar a modificación formulada polos obrigados tributarios, confirmando ou deixando sen efecto o acordo previo de valoración inicialmente aprobado.

3. Cando o procedemento de modificación fose iniciado pola Administración tributaria, o contido da proposta notificarase aos obrigados tributarios, que disporán dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da proposta para:

- a) Aceptar a modificación.
- b) Formular unha modificación alternativa, debidamente xustificada.
- c) Rexeitar a modificación, expresando os motivos en que se fundamentan.

A Administración tributaria, unha vez examinada a documentación presentada, ditará resolución motivada, que poderá:

- a) Aprobar a modificación, se os obrigados tributarios a aceptaron.
- b) Aprobar a modificación alternativa formulada polos obrigados tributarios.
- c) Deixar sen efecto o acordo polo que se aprobou a proposta inicial de valoración.
- d) Declarar a continuación da aplicación da proposta de valoración inicial.

4. No caso de mediar un acordo con outra Administración tributaria, a modificación do acordo previo de valoración requirirá a previa modificación do acordo alcanzado coa dita Administración. Para tal efecto

seguirase o procedemento previsto no artigo 29 quáter e seguintes deste regulamento.

5. O procedemento deberase finalizar no prazo de 6 meses. Transcorrido o dito prazo sen se ter notificado unha resolución expresa, a proposta de modificación poderase entender desestimada.

6. Contra a resolución que poña fin ao procedemento de modificación ou contra o acto presunto desestimatorio non se poderá recorrer, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpoñer contra os actos de liquidación que se poidan ditar.

7. A aprobación da modificación terá os efectos previstos no artigo 26 deste regulamento, en relación coas operacións que se realicen con posterioridade á solicitude de modificación ou, de ser o caso, á comunicación de proposta de modificación.

8. A resolución pola que se deixe sen efecto o acordo previo de valoración inicial determinará a extinción dos efectos previstos no artigo 26 deste regulamento, en relación coas operacións que se realicen con posterioridade á solicitude de modificación ou, de ser o caso, á comunicación de proposta de modificación.

9. A desestimación da modificación formulada polos obrigados tributarios determinará:

- a) A confirmación dos efectos previstos no artigo 26 deste regulamento, cando non quede probada a variación significativa das circunstancias económicas.
- b) A extinción dos efectos previstos no artigo 26 deste regulamento, respecto das operacións que se realicen con posterioridade á desestimación, nos demais casos.

Artigo 29 ter. *Prórroga do acordo previo de valoración.*

1. Os obrigados tributarios poderán solicitar á Administración tributaria que se prorrogue o prazo de validez do acordo de valoración que for aprobado. Esta solicitude deberase presentar antes dos 6 meses previos á finalización do dito prazo de validez e irá acompañada da documentación que consideren conveniente para xustificar que as circunstancias postas de manifesto na solicitude orixinal non variaron.

2. A solicitude de prórroga do acordo previo de valoración deberá ser subscrita polas persoas ou entidades que subscribiron o acordo previo cuxa prórroga se solicita, e deberán acreditar ante a Administración que as demais persoas ou entidades vinculadas que vaian realizar as operacións coñecen e aceptan a solicitude de prórroga.

3. A Administración tributaria disporá dun prazo de seis meses para examinar a documentación a que se refire o número 1 anterior e notificarlles aos obrigados tributarios a prórroga ou non do prazo de validez do acordo de valoración previa. Para tales efectos, a Administración poderá solicitar calquera información e documentación adicional así como a colaboración do obrigado tributario.

4. Transcorrido o prazo a que se refire o número anterior sen se ter notificado a prórroga do prazo de validez do acordo de valoración previa, a solicitude poderase considerar desestimada.

5. Contra a resolución pola que se acorde a prórroga do acordo ou contra o acto presunto desestimatorio non se poderá recorrer, sen prexuízo dos recursos e reclamacións que se poidan interpoñer contra os actos de liquidación que se poidan ditar.

Artigo 29 quáter. *Procedemento para o acordo sobre operacións vinculadas con outras administracións tributarias.*

O procedemento para a subscrición de acordos con outras administracións tributarias rexerase polas normas previstas neste capítulo coas especialidades establecidas nos artigos 29 quinquies a 29 nonies deste regulamento.

Artigo 29 quinquies. *Inicio do procedemento.*

1. No caso de que os obrigados tributarios soliciten que a proposta formulada se someta á consideración doutras administracións tributarias do país ou territorio en que residan as persoas ou entidades vinculadas, a Administración tributaria valorará a procedencia de iniciar o dito procedemento. A desestimación do inicio do procedemento deberá ser motivada e non poderá ser impugnada.

2. Cando a Administración tributaria, no curso dun procedemento previo de valoración, considere oportuno someter o asunto á consideración doutras administracións tributarias que puideren resultar afectadas, porao en coñecemento das persoas ou entidades vinculadas. A aceptación por parte do obrigado tributario será requisito previo á comunicación á outra Administración.

3. O obrigado tributario deberá presentar a solicitude de inicio acompañada da documentación prevista no artigo 23.

Artigo 29 sexies. *Tramitación.*

1. No curso das relacións con outras administracións tributarias, as persoas ou entidades vinculadas virán obrigadas a facilitar cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes teñan relación coa proposta de valoración.

Os obrigados tributarios poderán participar nas actuacións encamiñadas a concretar o acordo, cando así o conveñan os representantes de ambas as dúas administracións tributarias.

2. A proposta de acordo das administracións tributarias porase en coñecemento dos suxeitos interesados, cuxa aceptación será un requisito previo á sinatura do acordo entre as administracións implicadas.

A oposición á proposta de acordo determinará a desestimación da proposta de valoración.

Artigo 29 septies. *Resolución.*

No caso de aceptación da proposta de acordo, o órgano competente subscribirá o acordo coas outras administracións tributarias, e daráselles traslado dunha copia aos interesados.

Artigo 29 octies. *Órganos competentes.*

Corresponderalle ao Departamento de Inspección Financeira e Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria iniciar o procedemento, emitir informe sobre el e instruílo, establecer as relacións pertinentes coas administracións a que se refire o artigo anterior, resolver o procedemento e subscribir o acordo coa outra Administración tributaria. O titular do dito departamento designará o equipo ou unidade a que corresponderá a tramitación do procedemento e a proposta de resolución.

Artigo 29 nonies. *Solicitude doutra Administración tributaria.*

Cando outra Administración tributaria solicite á Administración tributaria a iniciación dun procedemento dirixido a subscribir un acordo para a valoración de operacións realizadas entre persoas ou entidades vinculadas observaranse as regras previstas nos artigos anteriores en canto resulten de aplicación.»

Doce. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2007, modifícanse os números 1 e 2 do artigo 39, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«1. Cando se probe que, polas súas características técnicas, o investimento ou a súa entrada en funcionamento se deba efectuar necesariamente nun prazo superior ao previsto no número 6 do artigo 42 da Lei do imposto, os suxeitos pasivos poderán presentar plans especiais de reinvestimento.

2. A solicitude deberá conter os seguintes datos:

- a) Descrición dos elementos patrimoniais transmitidos ou que serán transmitidos.
- b) Importe efectivo ou previsto da transmisión.
- c) Descrición dos elementos patrimoniais en que se materializará o reinvestimento.
- d) Descrición do plan temporal de realización do reinvestimento e da súa entrada en funcionamento.
- e) Descrición das circunstancias específicas que xustifican o plan especial de reinvestimento.»

Trece. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase a rúbrica do título III, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Aplicación dos réximes especiais das entidades de tenza de valores estranxeiros e de fusións, escisións, achegas de activos, troco de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.»

Catorce. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase a rúbrica do capítulo II do título III, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Réxime de fusións, escisións, achegas de activos, troco de valores e cambio de domicilio social dunha sociedade europea ou dunha sociedade cooperativa europea dun Estado membro a outro da Unión Europea.»

Quince. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase o artigo 42, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 42. *Comunicación da opción polo réxime especial.*

1. A aplicación do réxime establecido no capítulo VIII do título VII da Lei do imposto requirirá que se opte por el de acordo co disposto no número 1 do artigo 96 da dita lei.

2. A opción deberase comunicar, nos termos establecidos neste capítulo, á Administración tributaria.

3. A comunicación da opción deberase efectuar dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición da escritura pública en que se documente a operación.

Se a inscrición non fose necesaria, o prazo computarase desde a data en que se outorgue a escritura pública que documente a operación e na cal, conforme o número 1 do artigo 96 da Lei do imposto, debe constar necesariamente o exercicio da opción.

Nas operacións de cambio de domicilio social, a comunicación deberase efectuar dentro do prazo dos tres meses seguintes á data de inscrición no rexistro do Estado membro do novo domicilio social da escritura pública ou documento equivalente en que se documente a operación.»

Dezaseis. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase o artigo 43, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 43. *Suxeito obrigado a realizar a comunicación. Órganos administrativos competentes.*

1. No caso de operacións de fusión ou escisión, a comunicación a que se refire o artigo anterior deberá ser efectuada pola entidade ou entidades adquirentes.

Tratándose de operacións de fusión ou de escisión nas cales nin a entidade transmitente nin a entidade adquirente teñan a súa residencia fiscal en España e nas cales non sexa de aplicación o réxime establecido no artigo 84 da Lei do imposto, por non dispoñer a

transmitente dun establecemento permanente situado neste país, a opción polo réxime especial corresponderá ao socio residente afectado. O exercicio da opción efectuaráa este, cando así o consigne no recadro correspondente do modelo de declaración do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2. No caso de operacións de achega que non sexa en diñeiro, a comunicación deberá ser presentada pola entidade ou entidades adquirentes.

Se estas non tiveren a súa residencia fiscal en España, nin actuaren neste país por medio dun establecemento permanente, a obriga de comunicar recaerá sobre a persoa ou entidade transmitente.

3. Nas operacións de troco de valores a comunicación presentaráa a entidade adquirente.

Cando nin a entidade adquirente dos valores nin a entidade participada cuxos valores se trocan sexan residentes en España, a opción polo réxime especial corresponderalle ao socio residente afectado. O exercicio da opción efectuaráa este, cando así o consigne no recadro correspondente do modelo de declaración do imposto sobre sociedades ou do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. Nas operacións de cambio de domicilio social a comunicación presentaráa a propia sociedade.

5. A comunicación dirixirase á Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria do domicilio fiscal das entidades, ou establecementos permanentes se se trata de entidades non residentes que, conforme os números anteriores, estean obrigadas a efectualas, ou ás dependencias rexionais de Inspección ou á Delegación Central de Grandes Contribuíntes, se se trata de suxeitos pasivos adscritos a elas.

Cando, conforme o establecido no número 3 para as operacións de troco de valores, a comunicación a deba efectuar unha entidade non residente en España, a comunicación dirixirase ao órgano que, de entre os indicados, corresponda en función das circunstancias que concorran na entidade participada.»

Dezasete. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2006, modifícase o artigo 44, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 44. *Contido da comunicación.*

Na comunicación expresaranse os datos identificativos das entidades participantes na operación e describirase esta. A comunicación irá acompañada, se é o caso, da seguinte documentación:

a) Nos supostos de fusión ou escisión, copia da escritura pública de fusión ou escisión inscrita no rexistro mercantil e daqueles documentos que, segundo a normativa mercantil, deben obrigatoriamente acompañar a escritura para a súa inscrición no rexistro.

Se a inscrición non for necesaria, copia da escritura pública que documente a operación e na cal, conforme o artigo 96.1 da Lei do imposto, debe constar necesariamente o exercicio da opción.

b) Nos supostos de achega que non sexa en diñeiro ou de troco de valores, copia da escritura pública de constitución ou aumento de capital social e dos documentos que, segundo a normativa mercantil, a deben obrigatoriamente acompañar.

Se non for precisa escritura de constitución ou aumento de capital social, copia da escritura en que se documente a operación.

c) No caso de que as operacións anteriores se realizasen mediante unha oferta pública de adquisición de accións, tamén se deberá achegar copia do correspondente folleto informativo.

d) Nas operacións de cambio de domicilio social, copia da escritura pública ou documento equivalente en que se documente a operación e daqueles outros documentos que a deban obrigatoriamente acompa-

ñar para a súa inscrición no rexistro do Estado membro de destino.»

Dezaioito. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 1 de xaneiro de 2008, modifícase o artigo 45, que quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 45. *Obriga de información.*

Nos supostos a que se refire o segundo parágrafo do número 3 do artigo 89 da Lei do imposto, a entidade adquirente deberá presentar, conxuntamente coa súa declaración do imposto sobre sociedades dos exercicios en que aplique a dedución establecida no mencionado precepto, a seguinte información:

a) Identificación da entidade transmitente e da porcentaxe de participación que posúe nela.

b) Valor e data de adquisición das participacións da entidade transmitente, así como o valor dos fondos propios correspondente ás ditas participacións, determinados a partir das contas anuais homoxeneizadas.

c) Xustificación dos criterios de homoxeneización valorativa e temporal, da imputación aos bens e dereitos da entidade transmitente da diferenza existente entre o prezo de adquisición das súas participacións e o valor dos fondos propios correspondente a estas na data de disolución da dita entidade, así como do cumprimento dos requisitos establecidos nas letras a) e b) do número 3 do artigo 89 da Lei do imposto.»

Dezanove. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 6 de xullo de 2007, modifícase a rúbrica do título IV, que quedará redactado do seguinte xeito:

«TÍTULO IV

Réximes especiais de agrupacións de interese económico españolas e europeas, unións temporais de empresas, sociedades patrimoniais, consolidación fiscal e dos partidos políticos»

Vinte. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 6 de xullo de 2007, engádense os artigos 48 bis e 48 ter, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«Artigo 48 bis. *Explotacións económicas propias dos partidos políticos exentas no imposto sobre sociedades.*

1. Para gozar da exención prevista no artigo 10. Dous d) da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, estes deberán formular solicitude dirixida ao Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria antes de que finalice o período impositivo en que deba producir efectos.

O partido político solicitante achegará, xunto co escrito de solicitude, copia simple da escritura de constitución e estatutos, certificado de inscrición no Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio de Interior así como memoria en que se explique e xustifique que as explotacións económicas para as cales solicita a exención coinciden coa súa propia actividade.

Para estes efectos, entenderase que as explotacións económicas coinciden coa actividade propia do partido político cando:

a) Contribúan directa ou indirectamente á consecución dos seus fins.

b) O gozo desta exención non produza distorsións na competencia en relación con empresas que realicen a mesma actividade.

c) Se preste en condicións de igualdade a colectividade xenéricas de persoas. Entenderase que non se cumpre este requisito cando os promotores, afiliados, compromisarios e membros dos seus órganos de dirección e administración, así como os cónxuxes ou parentes ata o cuarto grao inclusive de calquera deles,

sexan os destinatarios principais da actividade ou se beneficien de condicións especiais para utilizar os seus servizos.

2. O Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria resolverá de forma motivada a exención solicitada. Esta exención quedará condicionada á concorrencia en todo momento das condicións e requisitos previstos na Lei orgánica 8/2007 e neste artigo.

Entenderase outorgada a exención se o citado departamento non notificou a resolución nun prazo de seis meses.

3. Unha vez concedida a exención a que se refiren os números anteriores non será preciso reiterar a súa solicitude para a súa aplicación aos períodos impositivos seguintes, salvo que se modifiquen as circunstancias que xustificaron a súa concesión ou a normativa aplicable.

O partido político deberá comunicarlle ao Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria calquera modificación relevante das condicións ou requisitos exixibles para a aplicación da exención. O dito departamento poderá declarar, logo de audiencia do partido político por un prazo de 10 días, se procede ou non a continuación da aplicación da exención. De igual forma se procederá cando a Administración tributaria coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación da exención.

4. O incumprimento dos requisitos exixidos para a aplicación desta exención determinará a perda do dereito á súa aplicación a partir do propio período impositivo en que se produza o dito incumprimento.

5. Para favorecer o adecuado control da actividade económico-financiera dos partidos políticos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria comunicarálle ao Tribunal de Contas as solicitudes de exención presentadas e o resultado destas.

Artigo 48 ter. *Acreditación para os efectos da exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta respecto das rendas exentas percibidas polos partidos políticos.*

A acreditación dos partidos políticos para os efectos da exclusión da obriga de reter ou ingresar á conta a que se refire o artigo 11.º Dous da Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, efectuarase mediante certificado expedido polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, logo de solicitude a que se xuntará copia do certificado de inscrición no Rexistro de Partidos Políticos do Ministerio do Interior.

Este certificado fará constar o seu período de vixencia, que se estenderá desde a data da súa emisión ata a finalización do período impositivo en curso do solicitante.»

Vinte e un. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 31 de marzo de 2006, modifícase o número 1 do artigo 50, que quedará redactado do seguinte xeito:

«1. Poderán optar pola tributación por este réxime:

a) As entidades cuxo obxecto social inclúa a explotación de buques propios ou arrendados. A opción deberase referir a todos os buques, propios ou arrendados, que explote o solicitante, así como aos que se adquiran ou arrenden con posterioridade.

b) As entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques. A opción comprenderá todos os buques xestionados polo solicitante, así como os que xestione con posterioridade.

En ambos os dous supostos, os buques deberán cumprir os requisitos do número 2 do artigo 124 da Lei de imposto.»

Vinte e dous. Con efectos para os períodos impositivos que se iniciasen a partir do 31 de marzo de 2006, modifícanse os números 1, 3 e 7 do artigo 51, que quedarán redactados do seguinte xeito:

«1. A solicitude que, de ser o caso, deberá estar referida á totalidade dos buques explotados, ou respecto dos cales realicen a xestión técnica e de tripulación as entidades do mesmo grupo fiscal que cumpran as condicións indicadas no artigo anterior, deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Estatutos da entidade ou proxecto destes se aínda non se constituíu.

b) Respecto das entidades xa constituídas, certificado de inscrición da entidade no rexistro de buques e empresas navieiras ou no rexistro especial de buques e empresas navieiras e, respecto das non constituídas, proxecto de constitución ou solicitude de inscrición nos citados rexistros. Esta documentación non se lles exixirá ás entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques.

c) Identificación e descrición das actividades das entidades respecto das cales se solicita a aplicación do réxime.

d) Acreditación, respecto de cada buque, do título en virtude do cal se utiliza ou se utilizará, ou se leva a cabo, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación, do ámbito territorial en que se levará a cabo a súa xestión estratéxica e comercial, do seu abandeiramento e da súa afectación exclusiva ás actividades recollidas no artigo 124.2.b) da Lei do imposto.

e) No caso de sociedades xa constituídas, o último balance aprobado da entidade.

f) Acreditación ou, no caso de entidades non constituídas, previsión do valor neto contable e do valor de mercado dos buques en que concorran as circunstancias previstas no parágrafo segundo do número 2 do artigo 125 da Lei do imposto.

g) No caso de entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques, documento demostrativo do cumprimento das prescricións do código CGS, expedido nos termos establecidos na prescrición 13.2 do Código internacional de xestión e para a seguranza da explotación dos buques e a prevención da contaminación, adoptado pola Organización Marítima Internacional mediante a Resolución A 741.»

«3. O órgano competente para a instrución e resolución deste procedemento será a Dirección Xeral de Tributos, que poderá solicitar do suxeito pasivo cantos datos, informes, antecedentes e xustificantes sexan necesarios.

Así mesmo, poderá solicitar informe dos organismos competentes para verificar a existencia dunha contribución aos obxectivos da política comunitaria de transporte marítimo, especialmente no relativo ao nivel tecnolóxico dos buques, que garanta a seguranza na navegación e a prevención da contaminación do ambiente e ao mantemento do emprego comunitario tanto a bordo coma en tarefas auxiliares ao transporte marítimo, e para verificar a actividade realizada polas entidades que realicen, na súa totalidade, a xestión técnica e de tripulación de buques. A solicitude do citado informe determinará a interrupción do prazo de resolución a que se refire o número 5 deste artigo.

O suxeito pasivo poderá, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, presentar as alegacións e achegar os documentos e xustificantes que considere pertinentes.»

«7. Se con posterioridade á concesión dunha autorización o suxeito pasivo adquire, arrenda, freta ou xestiona, na súa totalidade, outros buques que cumpran os requisitos do réxime, deberá presentar, nos termos expostos nos puntos anteriores, unha nova solicitude referida a estes. A autorización adicional concederáse polo período temporal de vixencia que reste á autorización inicial de réxime.»

Vinte e tres. Engádesse un novo número 7 ao artigo 62, que quedará redactado do seguinte xeito:

«7. Cando a obriga de reter ou ingresar á conta teña a súa orixe no axuste secundario derivado do previsto no artigo 16.8 da Lei do imposto, constituirá a súa base a diferenza entre o valor convido e o valor de mercado.»

Disposición transitoria primeira. *Modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades.*

1. O disposto nos artigos 10 a 14 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, segundo redacción anterior á establecida por este real decreto, será de aplicación aos plans aprobados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, así como aos plans solicitados dentro do prazo establecido nos ditos artigos mesmo cando a súa aprobación sexa posterior á dita data. Os gastos derivados destes plans integraranse na base imponible dos períodos impositivos que correspondan de acordo co establecido neles, sen que teña efectos fiscais, se é o caso, o aboamento a reservas consecuencia da primeira aplicación do Plan xeral de contabilidade, relacionado con eses gastos que foron contabilizados e integrado na base imponible de períodos impositivos iniciados antes do 1 de xaneiro de 2008.

Os gastos contabilizados en períodos impositivos iniciados antes da dita data, para a cobertura de reparacións extraordinarias ou de gastos de abandono de explotacións económicas de carácter temporal, que non foron deducibles por non corresponderen a un plan aprobado pola Administración tributaria, integraranse na base imponible dos períodos impositivos iniciados a partir da dita data nos cales se realice o abandono ou as reparacións.

2. O prazo de presentación dos plans de gastos correspondentes a actuacións ambientais, en que a data de nacemento da obriga ou compromiso da actuación ambiental tivese lugar en períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2008 pero anterior á data de entrada en vigor deste real decreto, será de tres meses contados a partir desta última data.

Para os gastos por actuacións ambientais correspondentes a obrigas ou compromisos nados en períodos impositivos iniciados antes do 1 de xaneiro de 2008, para os cales non se solicitase un plan de gastos de abandono de explotacións económicas de carácter temporal, poderase solicitar un plan de gastos correspondentes a actuacións ambientais no prazo establecido no parágrafo anterior, de maneira que os gastos que correspondan aos períodos impositivos iniciados antes da dita data se integrarán na base imponible do período impositivo en que se apliquen á súa finalidade.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación do réxime tributario dos partidos políticos para determinados períodos impositivos.*

O réxime tributario dos partidos políticos establecido na Lei orgánica 8/2007, do 4 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos, en relación coas súas explotacións económicas propias exentas, será aplicable aos períodos impositivos iniciados a partir do 6 de xullo de 2007, mesmo cando finalizasen antes da entrada en vigor deste real decreto, sempre que dentro dos tres meses seguintes á súa entrada en vigor os partidos políticos presenten a solicitude a que se refire o artigo 48 bis do Regulamento do imposto sobre

sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Disposición transitoria terceira. *Obrigas de documentación.*

As obrigas de documentación establecidas na sección 3.^a e na sección 6.^a do capítulo V do título I do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, serán exixibles a partir dos 3 meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008 queda derrogado o artigo 14 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

18544 *REAL DECRETO 1794/2008, do 3 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa. («BOE» 278, do 18-11-2008.)*

I

Este real decreto ten por obxecto a aprobación do Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa, desta forma desenvólvese a disposición adicional primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, introducida pola Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal.

Este real decreto contén un artigo único e dúas disposicións derradeiras.

En virtude do seu artigo único, apróbase o texto do Regulamento de procedementos amigables en materia de imposición directa.

II

Os procedementos amigables constitúen un mecanismo de solución de conflitos entre dúas administracións tributarias cando a actuación dunha ou de ambas as administracións produce ou é susceptible de producir unha imposición non conforme co Convenio para evitar a dobre imposición suscrito entre ambos os Estados, ou pode producir unha dobre imposición. Constitúen, por tanto, un mecanismo suplementario para solucionar problemas non resoltos noutras disposicións dos convenios.

Débese destacar que no ámbito internacional este tipo de mecanismos de resolución de conflitos adquiriron un maior protagonismo nos últimos tempos; por iso, e para